



unicef

para cada infancia

RESUMO PRINCIPAIS DATOS


Enquisa de Condicións de Vida Galicia 2023

RESUMO PRINCIPAIS DATOS


ENQUISA CONDIÇÕES DE VIDA 2023 GALICIA

1. CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS DAS FAMILIAS GALEGAS

1.1. Persoas de 0-17 anos en risco de pobreza ou exclusión social (ARPE). Galicia ECV 2023



1.2. Persoas de 0-17 anos en risco de pobreza. Galicia ECV 2023



NOTAS TÉCNICAS

1. A fonte de información a partir da cal se extraeron os datos é a Enquisa de Condicións de Vida do INE. Ao restrinxir a información proporcionada á situación específica das persoas de 0 a 17 anos, o INE indica que pode haber problemas de representatividade da mostra nalgúns dos datos por comunidades autónomas.

2. Segundo os datos do Censo de Poboación do INE, en 2023, en Galicia residían 372.656 persoas entre 0 e 17 anos, un 13,8% do total da poboación desta comunidade.

3. A taxa **ARPE** expresa a proporción da poboación que se atopa nalgunha das seguintes tres situacións:

- Risco de pobreza
- Carencia material e social severa
- Baixa intensidade no emprego

O **risco de pobreza** expresa a proporción de persoas que viven en fogares cuxa renda total equivalente anual está por debaixo do 60% da mediana da renda equivalente española.

O risco de pobreza calculouse de dous modos, a partires do limiar estatal e a partires do limiar de cada comunidade autónoma. O limiar estatal é o que se obtén considerando a mediana da distribución dos ingresos equivalentes da mostra completa da ECV, mentres que para o cálculo do limiar autonómico unicamente se considerou a distribución dos ingresos en cada comunidade autónoma.

En Galicia o limiar de risco de pobreza sitúase en 19.160 euros anuais no caso dun fogar formado por dous adultos e dous nenos ou nenas menores de 14 anos, mentres que no conxunto de España este é de 22.326 euros anuais.

A **carencia material e social severa** constrúese con 13 compoñentes, dos cales sete se definen a nivel de fogar e seis son persoais, diferentes para cada membro do fogar.

Unha persoa está en situación de carencia material e social severa se padece ao menos sete das 13 limitacións que forman a lista.

Os sete conceptos definidos a nivel de fogar son:

- Non pode permitirse ir de vacacións ao menos unha semana ao ano.
- Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada.
- Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos.
- Tivo retrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou alugueiro, recibos de gas, comunidade...) ou en compras a prazos nos últimos 12 meses.
- Non pode permitirse dispoñer dun automóbil.
- Non pode substituír mobles estragados ou vellos.

Por outra banda, os seis novos conceptos definidos a nivel de persoa son:

- Non pode permitirse substituír roupa estragada por outra nova.
- Non pode permitirse ter dous pares de zapatos en boas condicións.


- Non pode permitirse reunirse con amigos/familia para comer ou tomar algo ao menos unha vez ao mes.
- Non pode permitirse participar regularmente en actividades de ocio.
- Non pode permitirse gastar unha pequena cantidade de cartos en si mesmo.
- Non pode permitirse conexión á internet.

No caso dos menores de 16 anos os valores destes elementos imputáanse a partir dos valores recollidos para os membros do seu fogar con 16 ou máis anos.


A **baixa intensidade no emprego** mide a proporción de persoas que viven en fogares nos que os seus membros en idade de traballar (persoas de 18 a 64 anos, excluíndo os estudantes de 18 a 24 anos, os xubilados ou retirados, así como as persoas inactivas entre 60 e 64 cuxa fonte principal de ingresos do fogar sexan as pensións) o fixeron menos do 20% do total do seu potencial de traballo. Esta variable non se aplica no caso das persoas de 65 e máis anos.

1. CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS DAS FAMILIAS GALEGAS


1.3. Persoas de 0-17 anos en situación de carencia material e social severa. Galicia ECV 2023




1.4. Persoas de 0-17 anos en fogares con baixa intensidade no emprego. Galicia ECV 2023



1.5. Comparativa taxa AROPE e compoñentes entre as persoas de 0-17 anos e a poboación total. Galicia ECV 2023




1.6. Comparativa taxa AROPE e compoñentes entre as persoas de 0-17 anos. Galicia e España ECV 2023




1. CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS DAS FAMILIAS GALEGAS


1.7. Comparativa de diversos indicadores de carencia material entre os fogares con persoas de 0-17 anos e o conxunto dos fogares. Galicia ECV 2023




1.8. Comparativa de diversos indicadores de carencia material entre os fogares con persoas de 0-17 anos. Galicia e España ECV 2023



1.9. Evolución da ratio S80/S20 entre as persoas de 0-17 anos e a poboación total. Galicia ECV 2015-2023




1.10. Evolución da ratio S80/S20 entre as persoas de 0-17 anos. Galicia e España ECV 2015-2023




Nota: a ratio ou cociente S80/S20 é un dos indicadores máis habituais utilizados para medir a desigualdade na distribución dos ingresos. Expresa a relación entre a renda media obtida polo 20% da poboación coa renda máis alta (quartil máis alto), en relación coa renda media obtida polo 20% da poboación coa renda máis baixa (quartil máis baixo). Ao calcular a ratio S80/S20 para a poboación de 0 a 17 anos, unicamente se consideran os ingresos equivalentes correspondentes a este tramo de poboación.

2. EVOLUCIÓN DOS DATOS


2.1. Evolución da taxa AROPE e os seus compoñentes entre as persoas de 0-17 anos. Galicia ECV 2015-2023




2.2. Evolución da taxa AROPE entre as persoas de 0-17 anos e a poboación total. Galicia ECV 2015-2023



2.3. Evolución da taxa AROPE entre as persoas de 0-17 anos. Galicia e España ECV 2015-2023



2.4. Evolución da taxa de carencia material e social severa entre as persoas de 0-17 anos. Galicia e España ECV 2015-2023



3. ALGUNHAS NOTAS SOBRE OS DATOS

- **O 28,2% dos nenos, nenas e adolescentes galegos (unhas 105.300 persoas) atópase nunha situación de risco de pobreza ou exclusión social (taxa AROPE).** En Galicia a extensión destas situacións (28,2%) é menor que a que se da no conxunto de España, cuxa taxa AROPE se sitúa nun 34,5% entre as persoas menores de 18 anos.
- **O 21,2% das persoas menores de 18 anos (preto de 79.100 persoas) atópase en risco de pobreza en Galicia.** Isto significa que son persoas que viven en fogares que teñen uns ingresos equivalentes inferiores ao 60% da renda mediana equivalente que resulta para o conxunto de España (limiar estatal). Se en lugar do limiar estatal, se toma como referencia o limiar autonómico, a taxa de risco de pobreza entre os nenos, nenas e adolescentes de Galicia sitúase no 19,5%, afectando estas situacións a unhas 72.600 persoas.
- **Un 12,4% das persoas de 0 a 17 anos en Galicia (unhas 46.200 persoas) vive en fogares en situación de carencia material e social severa.** Esta taxa é practicamente igual á que se da a nivel estatal, onde a extensión destas situacións afecta ao 12,3% das persoas de entre 0 e 17 anos.
- **As situacións de carencia ou privación teñen, no caso dos fogares que contan con algunha persoa menor de idade, unha incidencia diversa.** En Galicia, o alcance destas situacións entre os fogares con menores de 18 anos é a seguinte:
 - O 37,3% non pode permitirse ir de vacacións ao menos unha semana ao ano.
 - Un de cada tres (30,3%) non pode facer fronte a gastos imprevistos.
 - O 20,4% non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada.

- O 11,1% tivo retrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal ou compras a prazos.
- O 4,3% non pode permitirse unha comida de carne, polo ou pescado (ou a equivalente para persoas vexetarianas) ao menos cada dous días.

Dos cinco problemas considerados, os fogares con nenos, nenas ou adolescentes menores de 18 anos teñen unha incidencia menor que a que presenta o conxunto dos fogares en catro deles. O único indicador que afecta en maior medida aos fogares con persoas menores de idade é o correspondente aos retrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda ou compras a prazos. A prevalencia destas situacións no conxunto dos fogares galegos é do 8% e sitúase nun 11,1% entre os fogares con persoas menores de idade.

Se se comparan estes datos cos do conxunto de España, a diferenza máis grande dáse no indicador relacionado coa incapacidade para afrontar gastos imprevistos. En Galicia a proporción de fogares con menores afectados por este problema é do 30,3%, mentres que entre os mesmos fogares do conxunto de España elévase a un 41,9%.

- **O 2,7% das persoas menores de 18 anos en Galicia (unhas 10.200 persoas) vive en fogares con baixa intensidade no emprego.** Trátase de persoas que viven en fogares nos que os seus membros en idade de traballar o fixeron menos do 20% do total do seu potencial de traballo. En Galicia esta taxa é 4,2 puntos porcentuais menor que a que se da no conxunto de España (6,9%).
- **As persoas de 0 a 17 anos en Galicia teñen unha taxa AROPE (28,2%) algo superior á que se da entre a poboación total galega (25,5%).** Tamén é superior a taxa de risco de pobreza (o 21,2% entre as persoas menores de 18 anos, fronte a un 19,4%

entre a poboación total) e, sobre todo, a taxa de carencia material e social severa, para a que as persoas de 0 a 17 anos teñen unha taxa (12,4%), superior en 4,2 puntos porcentuais á que se da entre a poboación total (8,2%). Polo contrario, a taxa de baixa intensidade no emprego é, no caso das persoas menores de 18 anos (2,7%), menor que a que se observa para o conxunto da poboación galega (7,5%).

- **No período 2022-2023 a taxa AROPE aumentou entre os nenos, nenas e adolescentes galegos.** Dos seus tres compoñentes, o que claramente aumentou é o de carencia material e social severa, que medrou dun 7,2% ao 12,4%. Polo contrario, a taxa de risco de pobreza mantívose relativamente estable e a de baixa intensidade no emprego reduciuse en 1,9 puntos porcentuais, pasando do 4,6% a un 2,7%. En termos xerais, estas variacións supoñen un aumento de 3,5 puntos porcentuais da taxa AROPE, que pasou do 24,7% en 2022 a un 28,2% en 2023.
- **A ratio S80/S20 correspondente á poboación total de Galicia é 4,4 e a específica da poboación menor de 18 anos de 4,8,** o que implica que a desigualdade na distribución dos ingresos entre os nenos, nenas e adolescentes é lixeiramente maior que a da poboación no seu conxunto.

4. ANÁLISE E RECOMENDACIÓNS 2024-25

En Galicia 1 de cada 4 nenos e nenas está en risco de pobreza e exclusión social (ARPE), o que supón uns 105.300 nenos e nenas.

Se ben este dato se atopa 6 puntos por debaixo da media estatal, a taxa aumentou 3.5 puntos con respecto ao dato autonómico do ano anterior (24.7%). Se botamos a vista atrás, a evolución da taxa ARPE para a poboación infantil da nosa comunidade constata a tendencia ascendente dos últimos anos pasando do 19.8% en 2018 ata o 28.2% de 2023.

A carencia material e social severa da poboación infantil da nosa rexión incrementouse no último ano en máis de 5 puntos ata alcanzar un 12.4% en 2023.

Estes e outros datos desagregados nesta análise permítenos afirmar que **en Galicia os nenos, nenas e adolescentes sofren con maior dureza o impacto das dificultades económicas, empeorando o seu benestar**, especialmente para aqueles que se atopan en situación de maior vulnerabilidade.

Os nenos e nenas teñen máis risco de quedar atrás a nivel de desigualdade económica e de ingresos das familias, o que supón grandes limitacións que afectan tamén noutros ámbitos, como, por exemplo, a saúde ou a educación (fenda dixital ou saúde mental).

Poñer o foco na infancia e a adolescencia é unha obriga derivada do cumprimento da Convención sobre os Dereitos do Neno. É esencial ter en conta á infancia e a adolescencia en todas as decisións tomadas polos poderes públicos, estratexias e recursos, para velar por unha infancia cunha oportunidade xusta na vida, que aprende, que medra sa nun ambiente sostible e protexida fronte á violencia e os abusos, tamén no ámbito dixital.

Investir na infancia é unha opción económica intelixente e reporta beneficios a toda a poboación: promove o desenvolvemento económico e social, ao aumentar a produtividade, o

crecemento económico e os niveis de cohesión social. O custo de non actuar non só afecta aos nenos, nenas e familias máis vulnerables de forma inmediata, senón que compromete o crecemento e o benestar de toda a sociedade a medio e longo prazo.

É necesario, polo tanto, **avanzar cara un modelo de protección social que articule políticas e programas destinados a previr e protexer a todas as persoas contra a pobreza, a vulnerabilidade e a exclusión social** ao longo do seu ciclo de vida, con especial atención aos grupos vulnerables.

Para isto, desde UNICEF Comité Galicia propoñemos **15 medidas**:

POLÍTICAS PÚBLICAS CON ENFOQUE DE DEREITOS DE INFANCIA

1. Avanzar cara a elaboración e aprobación da **Lei de Infancia e Adolescencia de Galicia**, como ferramenta fundamental e folla de ruta para as políticas dirixidas aos nenos, nenas e adolescentes na comunidade, incorporando nela o principio do **Interese Superior do Neno** e a **perspectiva dos dereitos** da infancia.
2. **Fomentar o coñecemento da situación dos nenos e as nenas** da nosa comunidade a través dunha diagnose exhaustiva, en base a datos de calidade, de modo que exista unha base sólida para o desenvolvemento e avaliación de políticas adecuadas e orientadas, sempre desde a perspectiva de dereitos e de equidade.
3. Impulsar a **participación real de nenos, nenas e adolescentes como eixo transversal** na toma de decisións dos temas que lles afectan, **reforzando o papel que cumpre para isto o Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia**, como actores clave de transformación social e política.

INFANCIA COMO PRIORIDADE ORZAMENTARIA

4. **Alcanzar un consenso político e social** sobre mínimos de investimento destinado a infancia en cada orzamento anual, garantindo que sexa suficiente e axeitado, blindándoo fronte a variacións económicas e garantindo a súa sostibilidade.
5. **Reforzar a metodoloxía das análises orzamentarias en clave de infancia que se realicen**, avaliando de forma transparente a orientación do gasto, a súa distribución sectorial, o seu impacto e a súa eficacia en termos de equidade e de xeito transversal.

UNHA PROTECCIÓN SOCIAL COA INFANCIA NO CENTRO

6. Incrementar os esforzos para loitar contra a **pobreza infantil e a desigualdade e garantir o acceso a servizos esenciais** (educación, nutrición, saúde e vivenda), especialmente para a infancia vulnerable, **reforzando os mecanismos de protección social existentes**. Débese avanzar na posta en marcha da Garantía Infantil Europea na nosa comunidade, mediante o desenvolvemento e seguimento do Plan operativo autonómico, en coordinación co ámbito local.
7. Fortalecer as **medidas de protección social** para lograr que se manteña o **emprego e ingresos das familias con fillos**, con foco especial nas **familias monoparentais** (especialmente as encabezadas por mulleres). Estas medidas deben ser de ampla cobertura e complementarias das prestacións estatais, reducindo as condicións e evitando os obstáculos para o acceso a fin de que cheguen de forma efectiva aos fogares máis vulnerables.
8. Facilitar o **acceso e o mantemento dunha vivenda** nas condicións de habitabilidade óptimas e garantir que os **programas de axuda á vivenda** teñan en conta aos fogares con nenos/as,

4. ANÁLISE E RECOMENDACIONES 2024-25

especialmente as familias en maior risco de vulnerabilidade. Avanzar igualmente na **erradicación da infravivenda e o chabolismo**.

PROTECCIÓN, EDUCACION, SAUDE MENTAL E DEREITOS DIXITAIS

9. Avanzar na **posta en marcha da LOPIVI no ámbito autonómico** co desenvolvemento normativo necesario: **deseño** de protocolos, dotación de **recursos**, posta en funcionamento da **figura** do Coordinador/a de Benestar e Protección e o Delegado/a de Protección, así como aumentar a **formación** do persoal dos servizos que estean en contacto con nenos e nenas: corpos e forzas de seguridade, o poder xudicial, os servizos sanitarios, os servizos sociais, o ámbito educativo, deportivo e de ocio, e a comunidade en xeral.
10. Incrementar as **medidas, mecanismos e recursos necesarios no sistema de protección** con foco na inclusión e a transición á vida adulta, promovendo o acollemento familiar, para asegurar unha resposta adecuada que atenda as distintas necesidades, especialmente para os nenos e nenas migrantes non acompañados, e mellorar a coordinación para que todos os nenos e nenas tutelados exerzan todos os seus dereitos, incluída a participación.
11. Alcanzar a **inclusión educativa** dos nenos e nenas en situación de maior vulnerabilidade, reforzar o **carácter educativo da etapa 0-3**, así como garantir os recursos necesarios para converter os **centros escolares en contornos protectores da infancia**.
12. Desenvolver un **Plan de acción autonómico de saúde mental na infancia e adolescencia** con dotación orzamentaria que abarque servizos de **prevención, detección precoz, promoción e atención**, desde unha perspectiva multi-

sectorial, comunitaria e psicosocial e que inclúa medidas específicas para previr e atallar prácticas e problemas asociados: como malos tratos (neglixencia e violencia), abuso sexual, bullying, ciberacoso, sextorsión, suicidio, discriminación por motivos de orientación sexual e identidade de xénero, xenofobia, consumo de alcohol, adicións a sustancias tóxicas, tecnoloxías e apostas, así como outras condutas de risco.

13. Actualizar e dotar dos recursos necesarios ás medidas e mecanismos de protección, educación e promoción dos **dereitos** de nenos, nenas e adolescentes no **contorno dixital**, necesarios para acompañar e facilitar o **uso seguro, responsable e crítico** das Tecnoloxías para a Relación, a Información e a Comunicación (TRIC).

UNHA AOD CON ENFOQUE DE DEREITOS DE INFANCIA

14. **Seguir avanzando na recuperación da AOD autonómica** co horizonte no compromiso internacional de destinar o 0.7% do orzamento a Cooperación ao desenvolvemento, garantindo que a infancia, a súa protección e o seu benestar sexa unha prioridade, especialmente en contextos humanitarios.
15. Incorporar no VI Plan Director de Cooperación Galega unha **estratexia de infancia e adolescencia en coherencia coa cooperación española e a Axenda 2030**.